



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS: TÉCNICO DE IGUALDADE 2022

A Laracha, a 14 de setembro do 2022.

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial en sesión telemática, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas que son:

Presidenta

Ana María Aldao Corral, Psicóloga do CIM do Concello da Laracha

Secretaria

Marta Vázquez Garea, Secretaria do Concello da Laracha

Vocais

Lucía Barreiro Angeriz (Administrativa do Concello da Laracha).

Jorge Vidal Zapatero (Tesoureiro do Concello da Laracha)

María del Carmen Ameijeiras Arias (técnica de Servizos Sociais do Concello da Laracha)

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores. O Tribunal entendese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario).

Posteriormente seguindo o sentido das Bases procédese á valoración dos méritos, segundo os seguintes criterios:

“A fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte baremo:

1. Experiencia profesional: puntuación máxima **2 puntos**.

Experiencia, acreditada documentalmente, na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades relacionadas coa temática da igualdade e loita contra a violencia de xénero.

- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados fora da administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e, inexcusablemente, informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

2. Cursos relacionados coas funcións a desenvolver: puntuación máxima **1 punto**.

Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, **ORGANIZADOS POR UNIVERSIDADES, ESCOLAS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ORGANISMOS DE TITULARIDADE PÚBLICA, OU DEMÁIS ENTES DE SIMILAR CONDICIÓN Á ANTERIOR, (NON SE VALORARÁ NINGÚN CURSO QUE NON CUMPRE ESTAS CONDICIÓN)**

ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

Duración de 50 a 150 horas, a razón de 0,10 puntos/curso.

Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,25 puntos/curso.”

Finalizada a valoración faise público o seu resultado:

NOME E APELIDOS	DNI	Experiencia laboral (máximo 2 puntos)	Cursos (máximo 1 punto)	Total (máximo 3 puntos)
GONZALEZ GIL, ISABEL	***3655**	2	1	3
LOPEZ SALORIO, LUCIA	***9866**	1,92	0,45	2,37
NOVOA FRAGA, CRISTINA	***3538**	0	0,35	0,35
RODRIGUEZ FERNANDEZ, CRISTINA	***6209**	0	0,30	0,30
EL KORTBI MARTINEZ, HAMID	***1772**	0	0,25	0,25
MOSCONI CADILLO, ANA	***8109**	0,80	0,35	1,15
FERNANDEZ FERNANDEZ ANA	***6628**	0	0,25	0,25

Finalmente de acordó á Resolución de Alcaldía acórdase fixar o lugar, data e hora de comezo da fase de oposición:

Fixar a data, lugar e hora de inicio da fase de oposición para o día 16 de setembro de 2022 ás 10:00 h no Edificio Administrativo do Concello da Laracha.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 09:30 horas, asinando os señores membros do Tribunal dixitalmente á marxe.

